

MATERIA

Dereito de Obrigacións e Responsabilidade Civil

unidade
didáctica
17

TITULACIÓN

Grao en Dereito

A responsabilidade por danos causados polos produtos defectuosos

Ricardo Pazos Castro

Departamento de Dereito Común

Facultade de Dereito

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DESCATALOGADO

Esta obra atópase baixo unha licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/es/legalcode.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2015

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Servizo de Publicacións e intercambio científico
da Universidade de Santiago de Compostela
usc.es/publicacions

ISBN

978-84-16533-33-6

DOI

<http://dx.doi.org/10.15304/9788416533336>

MATERIA: Dereito de Obrigacións e Responsabilidade Civil

TITULACIÓN: Grao en Dereito

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

Unidade I. O Dereito de obrigacións na sistemática do Dereito civil

Concepto de obrigación

O dereito de crédito e a débeda

Débeda e responsabilidade como elementos da obrigación

As obrigacións naturais

Unidade II. A constitución da relación obrigatoria: as fontes das obrigacións

As fontes do Código Civil: as obrigacións *ex lege*, os contratos, os cuasicontratos, a responsabilidade civil

A declaración unilateral de vontade

O enriquecemento inxusto ou sen causa

Unidade III. Estrutura da relación obrigatoria

Os suxeitos: determinación do acreedor e do debedor

Pluralidade de suxeitos: a distinción entre solidariedade e mancomunidade

A regra de non presunción de solidariedade

A pluralidade de acredores

A pluralidade de debedores: débedas mancomunadas e débedas solidarias

Unidade IV. O obxecto da relación obrigatoria: a prestación

Clases de obrigacións

Obrigacións de dar, facer e non facer

Obrigacións de medios e de resultado

Obrigacións de tracto único e de tracto sucesivo

Obrigacións específicas e xenéricas

Obrigacións alternativas

Obrigacións facultativas

Obrigacións divisibles e indivisibles

Obrigacións unilaterais e bilaterais

Obrigacións puras, condicionais e a termo

Obrigacións pecuniarias

Unidade V. A dinámica da obrigaón: o pago ou cumprimento

O obxecto do pago

Os suxeitos do pago

O pago por terceiro

Persoas que poden recibir o pago: o pago ao acredor aparente e o pago a un terceiro

O pago do indebido

Os requisitos do cumprimento: a exactitude da prestación

Circunstancias e destino do pago: lugar e tempo do cumprimento, proba do pago, gastos e a imputación do pago

Unidade VI. Os subrogados do cumprimento

A dación en pago

O pago por cesión de bens: clases e efectos

O ofrecemento do pago e a consignación

A compensación

Unidade VII. O incumprimento da obrigaón

A mora do debedor

A mora do acredor

O incumprimento definitivo

A imposibilidade da prestación

A prestación non conforme

Os criterios de imputación e a responsabilidade contractual

A imputación do incumprimento ao debedor: a culpa e o dolo

O risco a cargo do debedor

A exoneración do debedor: o caso fortuíto e a forza maior

As cargas de colaboración do acredor

Unidade VIII. As consecuencias e remedios do incumprimento

A pretensión de cumprimento e a de indemnización de danos e prexuízos

O deber do acredor de mitigar o dano

O dereito a resolver o contrato: concepto e presupostos da resolución

Exercicio da facultade resolutoria e efectos da resolución

A responsabilidade do debedor pola actividade dos seus auxiliares

A modificación convencional da responsabilidade do debedor

Unidade IX. Protección do dereito de crédito

O principio de responsabilidade patrimonial universal

As garantías da obrigaón: concepto, natureza e tipos de garantía

A cláusula penal

As arras

O dereito de retención

A fianza e outras garantías persoais

A acción subrogatoria: concepto, natureza, presupostos do exercicio e efectos

A acción directa

A fraude de acredores e a acción revogatoria ou pauliana

Unidade X. A realización do crédito e a insolvencia

A modificación das obrigacións: tipoloxía

O cambio de acredor e as súas formas: cesión de créditos e subrogación no crédito

Os cambios de debedor: a asunción da débeda

Unidade XI. As causas de extinción das obrigacións

A compensación

A confusión

A remisión da débeda

A perda da cousa ou imposibilidade da prestación

A novación

O mutuo disenso, o desestimento unilateral, a condición resolutoria e o termo final

A prescrición

Unidade XII. A proba das obrigacións

O obxecto da proba

A carga da proba

A valoración da proba

Os medios de proba

Unidade XIII. O acto ilícito como fonte da obrigación. A responsabilidade contractual e extracontractual

O fundamento da responsabilidade civil

As funcións da responsabilidade civil

A responsabilidade civil derivada de delicto

Unidade XIV. Os presupostos da responsabilidade civil

O comportamento danoso

O dano: concepto, tipoloxía, valoración e deber de mitigalo

A relación de causalidade

As interferencias no nexo causal. A pluralidade de responsables e o dano causado por un membro indeterminado do grupo

A culpa do axente. A imputabilidade como elemento da culpabilidade e as causas xustificativas

Unidade XV. A responsabilidade obxectiva: concepto e evolución

Supostos de responsabilidade obxectiva no Código civil

Supostos de responsabilidade obxectiva nas leis especiais. Especial referencia á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas

Unidade XVI. A responsabilidade por feito doutro

A responsabilidade civil de pais e titores

A responsabilidade civil do empresario por actividades dos seus auxiliares

A responsabilidade civil dos titulares ou directores de centros docentes

Unidade XVII. A responsabilidade por danos causados polos produtos defectuosos

A Directiva 85/374, a súa trasposición ao dereito español e posteriores vicisitudes

Concepto de produto

Suxeitos responsables

Suxeitos protexidos

Concepto de produto defectuoso

Danos resarcibles

Causas de exoneración: especial referencia aos riscos de desenvolvemento

Problemas de internormatividade

Unidade XVIII. A responsabilidade civil profesional

A responsabilidade civil dos profesionais sanitarios

A responsabilidade civil dos profesionais xurídicos

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

XUSTIFICACIÓN

OBXECTIVOS

METODOLOXÍA

CONTIDOS

1. A Directiva 85/374, a súa trasposición ao dereito español e posteriores vicisitudes
2. Concepto de produto
3. Suxeitos responsables
4. Suxeitos protexidos
5. Concepto de produto defectuoso
6. Danos resarcibles
7. Causas de exoneración: especial referencia aos riscos de desenvolvemento
8. Problemas de internormatividade

ACTIVIDADES PROPOSTAS

AVALIACIÓN

BIBLIOGRAFÍA

PRESENTACIÓN

A presente unidade didáctica enmárcase no programa da materia Dereito de Obrigacións e Responsabilidade Civil, materia que forma parte do segundo curso do Grao en Dereito. O seu programa atópase organizado en dezaioito leccións, das cales as primeiras doce están dedicadas ao estudo da teoría xeral da obrigación, e as seis seguintes tratan a responsabilidade civil extracontractual. A unidade didáctica que se elabora recolle a lección 17, titulada «A responsabilidade por danos causados polos produtos defectuosos» e pertencente ao segundo bloque de contidos da materia.

Mediante o presente documento, o alumno poderá coñecer de xeito simple a planificación que os profesores fan da lección 17 do programa da materia. Ao mesmo tempo, o alumno ten ao seu dispor a información relativa aos obxectivos que debe alcanzar tralo traballo da lección, á metodoloxía empregada na transferencia de coñecemento e capacidades, ás actividades prácticas que se levarán cabo e á forma de avaliación.

XUSTIFICACIÓN

Unha relación obrigatoria é un vínculo establecido entre dúas persoas, unha das cales ten un deber xurídico fronte á outra, que correlativamente dispón dun dereito esixible á primeira. A relación obrigatoria nace cunha vocación de extinción, por lo que se di que o vínculo ten unha natureza transitoria. O fin da obriga é a satisfacción dun interese particular ou individual susceptible de valoración económica en caso de incumprimento, de forma que dito cumprimento pode reclamarse e facerse a expensas do patrimonio do debedor.

Segundo o artigo 1089 do Código civil, unha das fontes das obrigas son os actos e omisións ilícitos nos que interveña calquera clase de culpa ou negligencia. Pola súa banda, o artigo 1902 do Código civil establece que aquela persoa que por acción ou omisión causa un dano a outro, intervindo culpa ou negligencia, está obrigado a reparar o dano causado. Deste xeito, a negligencia é un dos presupostos da responsabilidade civil.

Non obstante, a complexidade do mundo actual e a proliferación de actividades que en si mesmas constitúen un risco para as persoas favoreceu o desenvolvemento de certos sistemas de responsabilidade civil onde se abandoa a culpa ou negligencia como presuposto. Un destes ámbitos é a responsabilidade polos danos causados polos produtos defectuosos, materia que nos ocupa neste momento e que foi obxecto de diversas sentenzas recentes do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, o cal demostra a súa actualidade e relevancia.

OBXECTIVOS

Ao rematar a unidade didáctica o alumnado será capaz de:

- presentar a evolución experimentada na actividade económica que deu lugar á necesidade da normativa en materia de responsabilidade civil polos produtos defectuosos;

- explicar a natureza da responsabilidade civil polos produtos defectuosos e diferenzala da responsabilidade por culpa e da responsabilidade obxectiva absoluta ou pura;
- coñecer os aspectos básicos da Directiva 85/374/CEE, do Consello, de 25 de xullo de 1985, da Lei 26/1984, de 19 de xullo (Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios) e da Lei 22/1994, de 6 de xullo (Lei de responsabilidade civil por danos causados por produtos defectuosos), na materia obxecto da presente unidade didáctica;
- expoñer os elementos caracterizadores da regulación contida no texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios (Real Decreto Legislativo 1/2007, de 16 novembro) sobre a responsabilidade polos produtos defectuosos;
- comprender, analizar e resumir unha sentenza que trate a cuestión estudada;
- razoar criticamente o fundamento xurídico dunha sentenza e debatir sobre o mesmo, argumentando a posición defendida polo propio estudante e sinalando aqueles aspectos da resolución xudicial que non foron obxecto dunha grande análise por parte do tribunal.

METODOLOXÍA

Ao longo de aproximadamente unha semana (catro horas lectivas) levaranse a cabo unha serie de clases expositivas cun enfoque máis teórico. Nestas sesións asentarase en primeiro lugar os coñecementos adquiridos sobre a relación obrigatoria, as fontes das obrigacións, a responsabilidade civil en xeral e os cambios económicos e sociolóxicos que conduciron á evolución das normas xurídicas en materia de responsabilidade civil en determinados campos. En segundo lugar, comentarase diferentes textos legais que o alumno debe coñecer, comezando pola Directiva 85/374/CEE do Consello, de 25 de xullo de 1985, a Lei 26/1984, de 19 de xullo (Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios) e a Lei 22/1994, de 6 de xullo (Lei de responsabilidade civil por danos causados por produtos defectuosos). En terceiro lugar procederase á exposición das normas correspondentes á responsabilidade civil polos produtos defectuosos que se atopan no texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios actualmente en vigor (Real Decreto Legislativo 1/2007, de 16 novembro). Esta será a parte principal da presente unidade didáctica. Finalmente, proporcionarase aos alumnos as pautas básicas que lles permitan aproximarse ás resolucións xudiciais para analízalas e formarse unha opinión propia, tendo en conta as diferenzas que plantexan as sentenzas dos tribunais nacionais e as sentenzas do Tribunal de Xustiza da Unión Europea. Pese ao carácter teórico das clases fomentárase a participación activa do alumnado, ao cal se lle farán algunhas preguntas e se lle formularán certos problemas prácticos ao longo das explicacións.

As sesións expositivas serán complementadas con tres clases interactivas (catro horas lectivas en total) onde a participación do alumnado será máis acusada. Neste senso, os profesores indicarán diversas resolucións que deberán ser lidas

detidamente antes das sesións interactivas, con fin de establecer na clase un estudo das mesmas. É posible que se formen grupos de traballos máis pequenos, de xeito que algunhas das sentenzas sexan analizadas con máis profundidade por algún grupo, o cal despois deberá explicarlle aos demais as cuestións tratadas na resolución.

CONTIDOS

Os contidos achegados deseguido non deben ser entendidos polo alumnado como unha exposición exhaustiva da materia que substitúe a preparación da unidade mediante os manuais recomendados no programa. É dicir, o estudo dos contidos expostos no presente documento non é suficiente para responder de forma axeitada as eventuais preguntas que se fagan no exame. A unidade didáctica pode ser un bo complemento ao estudo, o cal deberá facerse contando tamén cos textos legais, e, ao mesmo tempo, pode servir para resolver algunha dúbida que poida xurdir nas explicacións teóricas. En todo caso, o alumnado ten á súa disposición as titorías para consultar as cuestións que non queden claras.

1. A Directiva 85/374, a súa trasposición ao dereito español e posteriores vicisitudes

O primeiro texto legal que incorporou un sistema de responsabilidade civil por produtos defectuosos ao sistema xurídico español foi a Lei 26/1984, de 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios (LCU). Esta lei tiña por obxecto a protección dos consumidores e usuarios, concepto definido no artigo 1.2 da LCU como «as persoas físicas ou xurídicas que adquiren, utilizan ou disfrutan como destinatarios finais, bens mobles ou inmobles, produtos, servizos, actividades ou funcións, calquera que sexa a natureza pública ou privada, individual ou colectiva de quen os producen, facilitan, subministran ou expiden». Deste xeito, os danos causados por produtos defectuosos a persoas que non reunisen a condición de consumidor deberían ser indemnizados de acordo coas regras xerais de responsabilidade contidas no artigo 1902 do Código civil.

O artigo 25 da LCU indicaba que o consumidor e usuario tiña dereito a ser indemnizado polos danos e prexuízos ocasionados no cadro do consumo de bens ou da utilización de produtos ou servizos, salvo se os danos fosen causados pola súa propia culpa ou a das persoas das cales o consumidor debía responder civilmente. Este artigo podería facer pensar que o lexislador quería establecer un sistema de responsabilidade obxectiva, é dicir, que a existencia de negligencia non fose un requisito para o nacemento da obriga de indemnizar o dano causado. Pero o certo é que a necesidade da culpa mantívose, en virtude do artigo 26. Este precepto dicía que «as accións ou omisións de quen producen, importan, subministran ou facilitan produtos ou servizos aos consumidores ou usuarios, determinantes de danos ou prexuízos aos mesmos, darán lugar á responsabilidade de aqueles, a menos que conste ou se acredite que cumpriron debidamente as esixencias e requisitos reglamentariamente establecidos e os demais coidados e dilixencias que esixe a

natureza do produto, servizo ou actividade». En consecuencia, a verdadeira natureza da responsabilidade por produtos defectuosos era subxectiva ou por culpa, pero a dilixencia requirida era máxima.

No artigo 27 da LCU recollíanse os extremos dos cales debían responder civilmente algúns integrantes do proceso de comercialización de bens ou servizos. Esta disposición tiña un carácter xeral e non prevalecía sobre outras normas ou acordos convencionais ou máis favorables para o consumidor. O fabricante, importador, vendedor ou subministrador de produtos ou servizos respondía da orixe, identidade e idoneidade dos produtos, de acordo coa súa natureza e finalidade. No caso de produtos a granel respondía o tedor dos mesmos, sen prexuízo de que se puidese identificar e probar a responsabilidade do anterior tedor ou proveedor. No caso de produtos envasados, etiquetados e pechados con peche íntegro, a responsable era a firma ou razón social que figurase na etiqueta, presentación ou publicidade do produto. A firma ou razón social podía exonerarse da súa responsabilidade probando a falsificación ou a incorrecta manipulación por parte de terceiros, que serían entón os responsables dos danos. O artigo 27 da LCU establecía unha responsabilidade solidaria fronte ao prexudicado por parte dos diferentes axentes que contribuísen a causar o dano, cada un dos cales podía reclamar aos demais o pago da parte que a cada un lle correspondese, unha vez aboado o total da indemnización á vítima.

Pola súa banda, o artigo 28.1 da LCU dispoñía que, non obstante o previsto nos artigos anteriores da lei, debía responderse polos danos causados no correcto uso e consumo dos bens e servizos cando pola propia natureza dos mesmos ou por estar así establecido regulamentariamente, incluían necesariamente a garantía de «niveis determinados de pureza, eficacia ou seguridade, en condicións obxectivas de determinación», sendo obxecto de «controis técnicos, profesionais ou sistemáticos de calidade, ata chegar nas debidas condicións ao consumidor ou usuario». O artigo 28.2 da LCU precisaba que no réxime de responsabilidade do artigo 28.1 debían entenderse comprendidos en todo caso «os produtos alimenticios», os de hixiene e limpeza, cosméticos, especialidades e produtos farmacéuticos, servizos sanitarios, de gas e electricidade, electrodomésticos e ascensores, medios de transporte, vehículos a motor e xoguets e produtos dirixidos aos nenos».

A nivel comunitario, cómpre citar a Directiva 85/374/CEE, do Consello, de 25 de xullo de 1985, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros en materia de responsabilidade polos danos causados por produtos defectuosos (en adiante, Directiva sobre produtos defectuosos)¹. O fundamento principal deste texto comunitario atópase no seu considerando número 2, no cal o Consello das Comunidades Europeas facía alusión aos «riscos inherentes á produción técnica moderna» froito da «época de crecente tecnicismo» que se estaba a vivir. O xusto reparto destes riscos xustificaba establecer un sistema de responsabilidade obxectiva do produtor. Ademais, a Unión Europea ten como un dos seus obxectivos principais garantir un alto nivel de protección aos consumidores², e o considerando número 4 da Directiva sobre produtos defectuosos

¹ DO L 210, de 7 de agosto de 1985, p. 29.

² Cfr. artigo 129 A do Tratado da Unión Europea asinado en Maastricht o 7 de febreiro de

indicaba que a protección dos consumidores esixía que todo aquel que participase nun proceso de produción respondese en caso de que o produto acabado, algunha das súas partes ou as materias primas fosen defectuosos.

A diferenza dos regulamentos, que son textos normativos directamente aplicables ás relacións xurídicas, as directivas comunitarias precisan ser incorporadas ao Dereito interno dos diferentes Estados membros. As disposicións legais de carácter nacional adoitan ser similares ás directivas das que traen causa. Así sucede, como poderá comprobarse máis adiante, en materia de responsabilidade por produtos. Porén, parece axeitado facer unha análise dos artigos máis salientables da Directiva sobre produtos defectuosos, aínda que posteriormente se incorra en certas reiteracións coa análise da normativa española.

O principio xeral que se atopa no artigo 1 da Directiva sobre produtos defectuosos é que o produtor é responsable dos danos causados polos defectos dos seus produtos. De acordo co artigo 2 da Directiva, segundo a súa redacción trala reforma operada en 1999³, «produto» é «calquera ben moble, incluso cando estea incorporado a outro ben moble o a un inmovible». A electricidade tamén é considerada un produto. A figura do produtor aparece definida no artigo 3.1, sendo a persoa que «fabrica un produto acabado, que produce unha materia prima ou que fabrica unha parte integrante, e toda aquela persoa que se presente como produtor poñendo o seu nome, marca ou calquera outro signo distintivo no produto». En virtude do artigo 3.2 da Directiva sobre produtos defectuosos, tamén quen importa un produto á Unión Europea é considerado produtor e responde como tal fronte ao prexudicado. O subministrador do produto será responsable dos danos causados polo produto defectuoso se o produtor non pode ser identificado, pero poderá exonerarse da súa responsabilidade dando a coñecer a identidade de dito produtor ao prexudicado. O mesmo sucede para o caso dos produtos importados, se non se indica neles o nome do importador, pois así se desprende do artigo 3.3 da Directiva. Cando dúas ou máis persoas son responsables do dano a responsabilidade será solidaria, tal e como sinala o artigo 5 da Directiva.

O precepto que se encarga de indicar cando un produto é «defectuoso» é o artigo 6 da Directiva. O texto comunitario vincula a existencia dun defecto ao feito de que o produto en cuestión non ofrezca a seguridade á que unha persoa ten lexitimamente dereito. As lexitimas expectativas deben apreciarse tendo en conta todas as circunstancias, e en particular a presentación do produto, o uso razoable que poida esperarse do mesmo e o momento no que dito produto se puxo en circulación. Cómpre poñer de manifesto que a aparición no mercado dun produto máis perfeccionado non implica que o produto anterior sexa considerado defectuoso.

1992 (DO C 191, de 29 de xullo de 1992, p. 1.), artigos 4.2 e 169 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (DO C 83, de 30 de marzo de 2010, p. 47) ou artigo 38 da Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea (DO C 83, de 30 de marzo de 2010, p. 389).

³ Directiva 1999/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 10 de maio de 1999, pola que se modifica a Directiva 85/374/CEE do Consello relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros en materia de responsabilidade por danos causados por produtos defectuosos (DO L 141, de 4 de xuño de 1999, p. 20).

Segundo se establece na Directiva, os danos resarcibles son, por unha banda, os danos causados pola morte ou por lesións corporais. Pola outra, os danos causados ás cousas ou a destrucción dun ben que non sexa o propio produto defectuoso. Non obstante, neste último caso a cousa danada ou destruída debe ser normalmente destinada ao uso ou consumo privados, e o prexudicado debeu utilizala principalmente deste xeito. Os danos inmateriais poderán ser indemnizados, pero de acordo coas disposicións legais de carácter nacional. Na sentenza do TXCE de 10 de maio de 2001 (Henning Veedfald / Århus Amtskommune, C-203/99, Rec. p. I-3569), o Tribunal dixo que a Directiva menciona de xeito exhaustivo as categorías de danos resarcibles, o cal implica que o xuíz nacional estea obrigado a examinar se os danos reclamados pertencen a algunha das categorías que quedan incluídas na Directiva ou se constitúen danos inmateriais. O xuíz non pode negar toda indemnización polo só feito de que o dano non está comprendido en ningunha das categorías ás que se fixo referencia⁴.

O prexudicado que pretenda obter unha indemnización deberá probar o dano, o defecto e o nexa de causalidade entre un e outro. Polo tanto, non é preciso que o produtor actúe de forma negligente para que xorda a súa responsabilidade. O artigo 7 da Directiva modula a responsabilidade obxectiva do produtor ao permitirlle exonerarse de responsabilidade en varios supostos. Pode dicirse que se trata dunha responsabilidade obxectiva «non absoluta». Así, o produtor non responderá do dano se proba algunha das circunstancias seguintes: que non puxo en circulación o produto, que é probable que o defecto non existise cando puxo en circulación o produto, que non fabricou o produto para vendelo ou distribuílo con fins económicos e que non o fabricou nin distribuíu no cadro da súa actividade comercial, que o defecto ten por orixe o cumprimento de normas imperativas, ou que no momento da posta de circulación do produto o estado dos coñecementos científicos e técnicos non permitía descubrir a existencia do defecto (os chamados riscos do desenvolvemento). Ademais, o fabricante dunha parte integrante pode exonerarse de responsabilidade se proba que o defecto é imputable ao deseño do produto ao que se incorporou ou ás instrucións dadas polo fabricante do produto.

En canto aos riscos do desenvolvemento, é importante sinalar que o artigo 15.1.b) da Directiva sobre produtos defectuosos permitía aos Estados membros que a normativa nacional que incorporase ao ordenamento xurídico interno a Directiva establecese a responsabilidade do produtor incluso cando non se puidese detectar o defecto segundo o estado da ciencia no momento da súa posta en circulación.

Outro elemento que pode destacarse da Directiva sobre produtos defectuosos é que no caso de que o dano sexa producido polo defecto e pola intervención dun terceiro, a responsabilidade do produtor fronte á vítima non diminúe. Esta responsabilidade si pode diminuír ou chegar a desaparecer cando a propia vítima contribúe á causación do seu propio dano.

A Directiva sobre produtos defectuosos foi incorporada ao Dereito español a través da Lei 22/1994, de 6 de xullo, de responsabilidade civil por danos causados

⁴ Sentenza *Veedfald*, apartados 32 e 33.

por produtos defectuosos. Esta lei entrou en vigor o 8 de xullo de 1994, e, como non podía ser doutro modo, seguiu o camiño marcado pola Directiva en canto á regulación de fondo, sendo doado atopar as correspondencias entre un e outro texto. O artigo 1 da Lei 22/1994 establecía como principio xeral que os fabricantes e importadores eran responsables dos danos causados polos defectos dos produtos que fabricasen ou importasen. Para a lei española, eran produtos os bens mobles, estivesen ou non incorporados a un inmovible ou a outro ben moble, incluíndo o gas e a electricidade e excluindo as materias primas agrícolas e gandeiras e os produtos de caza e pesca que non sufrisen transformación inicial. Esta definición atopaba a súa causa no artigo 2 da Directiva sobre produtos defectuosos anterior á modificación de 1999. A definición de fabricante e importador atopábase no artigo 4 da Lei 22/1994, establecéndose unha responsabilidade solidaria fronte á vítima no artigo 7 do meste texto legal. O concepto legal de produto defectuoso podíase atopar no artigo 3 da lei, e os danos resarcibles no artigo 10.

Da mesma maneira que na Directiva, de acordo coa Lei 22/1994 o prexudicado só tiña que probar o dano, o defecto e a relación de causalidade entre ambos. Tamén na lei española existían causas de exoneración de responsabilidade, as cales se recollían no seu artigo 6. Os riscos do desenvolvemento estaban contemplados como causa de exoneración da responsabilidade. Porén, o artigo 6.3 da Lei 22/1994 excluía a exoneración de responsabilidade por riscos do desenvolvemento no caso de medicamentos, alimentos e produtos alimenticios destinados ao consumo humano.

Actualmente non están en vigor nin a Lei 26/1984, de 19 de xullo (Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios) nin a Lei 22/1994, de 6 de xullo (Lei de responsabilidade civil por danos causados por produtos defectuosos). Ambas normas, xunto con outras, foron obxecto de refundición a través do Real Decreto Lexislativo 1/2007, de 16 novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias (TRLXDCU). O Libro terceiro da lei de consumidores vixente está dedicado á responsabilidade civil por bens ou servizos defectuosos, e dentro deste libro terceiro contéñense dous títulos. O primeiro deles recolle disposicións aplicables tanto á responsabilidade por bens como por servizos, e o segundo refírese especificamente aos danos causados por produtos.

En canto ás disposicións xerais hai que destacar dúas cuestións. En primeiro lugar, que as accións recoñecidas aos prexudicados no Libro terceiro do TRLXDCU non impiden que eses mesmos prexudicados dispoñan doutros remedios legais para obter unha indemnización que compense a falta de conformidade dos bens ou servizos ou calquera outro incumprimento total ou parcial do contrato, así como a responsabilidade extracontractual que puidese orixinarse. A indemnización dos danos morais non terá lugar con base no Libro terceiro do TRLXDCU, senón seguindo as regras xerais de responsabilidade. En segundo lugar, cómpre sinalar que as cláusulas de exoneración ou limitación de responsabilidade por produtos ou servizos defectuosos son ineficaces fronte ao prexudicado. Así está previsto no artigo 130 do TRLXDCU.

En canto á relación entre a responsabilidade por produtos defectuosos, a responsabilidade contractual e a indemnización do dano moral, pode comentarse

a sentenza da Audiencia Provincial de Barcelona (Sección 1ª) de 11 de marzo de 2014⁵. O demandante comprara unha pizza e atopara nela un parafuso, polo que presentou unha demanda contra o establecemento que lla vendera, solicitando unha indemnización de seis mil euros con base no dano moral que lle causara atopar o mencionado parafuso e a consecuente sensación de «inquietude, temor ou presaxio de incerteza». A demanda foi fundamentada nos artigos do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios. O xulgado de primeira instancia desestimou a demanda porque o establecemento non podía coñecer a presenza do defecto, ao non participar no proceso produtivo, e porque o demandante coñecía dende o primeiro momento a identidade do fabricante do produto, polo que podía reclamar directamente contra el.

A Audiencia Provincial de Barcelona estimou parcialmente o recurso de apelación que o demandante interpuxera contra a sentenza de primeira instancia. A Audiencia considerou probado que o establecemento comercial vendera un produto que «non reunía as esixencias de calidade, seguridade e hixiene que son indispensables para considerar correctamente cumpridas as obrigas da compraventa, senón un produto non idóneo para o consumo ou, en definitiva, un produto distinto do adquirido polo agora demandante (*aliud pro alio*)». Esta circunstancia dá lugar a responsabilidade do establecemento vendedor, pero, aínda que o órgano xudicial fai referencia á seguridade, dita responsabilidade baséase nos artigos 1101 e seguintes do Código civil. A Audiencia Provincial di que o demandante fundamentara a súa demanda na lei de consumidores, pero que o relato dos feitos e a petición permite corrixir esa imprecisión sen afectar ao deber de congruencia das sentenzas⁶. De feito, sen esa corrección a demanda sería desestimada, di a propia Audencia, xa que a lei de consumidores non contempla os danos morais.

Finalmente, a Audiencia Provincial de Barcelona sinala que a presenza do parafuso na pizza colocou ao demandante nunha situación de risco para a súa saúde, o cal é comprensible que causase no comprador unha situación de angustia relacionada ademais coa representación do dano que podería ter sufrido. O órgano xudicial valorou o dano moral sen necesidade dunha proba concreta do mesmo, subliñando o devantido órgano que non é precisa esa actividade probatoria específica cando se produce unha situación de notoriedade do dano. A indemnización concedida ascendeu a dous mil euros.

Nos seguintes apartados da presente unidade didáctica procederáse á análise de diversas cuestións contidas na lei de consumidores actualmente en vigor.

⁵ JUR 2014, 110684.

⁶ A Audiencia Provincial cita a STS de 7 de xuño e 2013 (RJ 2013, 8385), a cal indicou que «a nosa actual xurisprudencia admite a posibilidade dun cambio na calificación xurídica dos feitos nos supostos de erro ou imprecisión da parte, mais este cambio debe extraerse dos propios feitos alegados e conformados, en canto puideron ser obxecto de discusión sen alterar os termos do debate[, e] sempre que non puidera causar indefensión a calquera dos litigantes». O propio Tribunal Supremo cita á súa vez outra STS anterior, de 18 de xuño de 2008 (RJ 2008, 4470).

2. Concepto de produto

O artigo de referencia no texto refundido é o 136. Para os efectos da responsabilidade polos danos causados por produtos defectuosos, é considerado produto calquera ben moble, tamén se está unido ou incorporado a outro ben moble ou inmobile, así como o gas e a electricidade. É importante sinalar que esta definición só se aplica ás normas do capítulo I do Título II do Libro Terceiro da lei de consumidor actualmente en vigor. O artigo 6 do TRLXDCU dá outra definición de produto, máis ampla: «sen prexuízo do establecido no artigo 136, aos efectos desta norma, é produto todo ben moble conforme o previsto no artigo 335 do Código civil».

O referido artigo 136 segue, como non pode ser doutro modo, o artigo 2 da Directiva sobre produtos defectuosos trala súa modificación de 1999. Consecuentemente, distánciase do artigo 2 da Lei 22/1994 e do artigo 2 da Directiva segundo a súa redacción orixinal, que excluían da categoría de produto as materias primas agrícolas e gandeiras e os produtos da caza e a pesca, sempre que non fosen obxecto de transformación inicial.

Outra circunstancia que cómpre poñer de manifesto é a distinción entre o gas e a electricidade como produtos, e os servizos relativos a estes. Atendendo ao parágrafo segundo do artigo 148 do TRLXDCU, son servizos que inclúen necesariamente a garantía de determinados niveis de calidade, entre outros, «os servizos de revisión, instalación ou similares de gas e electricidade». Porén, non é doado delimitar as nocións de produto e servizo en canto ao subministro, por exemplo.

Cabe incluír o sangue entre os medicamentos. Neste senso hai que citar o artigo 46.1 do recentemente aprobado Real Decreto Legislativo 1/2015, de 24 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios. O mencionado precepto, rubricado «medicamentos de uso humano», indica que son considerados medicamentos os derivados do sangue ou do plasma, así como o resto de sustancias de orixe humana e os seus derivados, cando sexan utilizados cunha finalidade terapéutica⁷. Isto fai que o sangue sexa un produto susceptible de ser defectuoso ao que se lle aplica a lei de consumidores.

3. Suxeitos responsables

O artigo 135 do TRLXDCU contén como principio xeral que «os produtores serán responsables dos danos causados polos defectos dos produtos que, respectivamente, fabriquen ou importen». Deste xeito, faise necesario especificar que se entende por produtor, para o que debe atenderse a dous artigos. O primeiro deles é o 5, no cal se indica que para os efectos da lei de consumidores vixente son produtores o fabricante dun ben ou o prestador do servizo, o seu intermediario, o importador do ben ou servizo na Unión Europea, e todo aquel que apareza presentado como

⁷ A norma non cambia con respecto ao artigo 46.1 da Lei 29/2006, de 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios. Esta última lei é expresamente derogada polo texto legal de 2015. Pode compararse a norma vixente co artigo 40 da Lei 25/1990, de 20 de decembro, do medicamento, a cal fora derogada pola Lei 29/2006.

produtor. Ademais desta primeira definición, o artigo 138 estende a noción no cadro da responsabilidade por produtos. Así, serán produtores, ademais dos que están incluídos na definición do artigo 5, o fabricante ou importador na Unión Europea dun produto terminado, de calquera elemento integrado nun produto terminado ou dunha materia prima.

Cando o produtor non pode ser identificado, e coa finalidade de non deixar desprotexida á persoa que sofre un dano, é considerado produtor o provedor do produto. De acordo co artigo 7 do TRLXDCU, é provedor aquel empresario que subministra ou distribúe produtos no mercado. Dito provedor benefíciase dun prazo de tres meses para comunicar ao prexudicado a identidade do produtor ou da persoa que subministrara ou facilitara o produto ao propio provedor, e se este último procede á referida identificación xa non será considerado produtor para os efectos da responsabilidade. O mesmo sucede cando o produto é importado e nel non se indica a identidade do importador, aínda que no produto si se indique o nome do fabricante. Ademais, o artigo 146 di que o provedor responde coma se fose o produtor se subministra o produto sendo consciente de que dito produto ten un defecto, pero este feito non exclúe que despois poida repetir o pagado contra o produtor⁸.

En caso de que sexan varios os responsables dos danos, todos eles responden solidariamente fronte á vítima. O responsable que aboa a indemnización poderá reclamar aos demais o pago da parte que a cada un lle corresponda. A intervención dun terceiro na produción do dano non reduce a responsabilidade do produtor e os seus asimilados fronte á vítima. Pero, como é lóxico, o responsable pode solicitar ao terceiro a parte que lle corresponda en función da súa contribución ao dano. Si constitúe un motivo para acordar a redución da responsabilidade o feito de que a causa do dano se atope conxuntamente no defecto do produto e na conduta da propia vítima ou dunha persoa da cal deba responder. A responsabilidade podería chegar a desaparecer segundo as circunstancias do caso.

4. Suxeitos protexidos

O artigo 2 do TRLXDCU di que a lei de consumidores é de aplicación ás relacións entre consumidores ou usuarios e empresarios. Porén, en materia de responsabilidade por bens ou servizos defectuosos hai que matizar a cuestión dos suxeitos protexidos atendendo ao disposto no artigo 129 do TRLXDCU. Neste caso, o produtor responde polos danos persoais causados, incluída a morte da persoa, reúna ou non a vítima a condición de consumidor. Respecto dos danos materiais, o precepto esixe que os

⁸ Cfr. sentenza do TXCE de 25 de abril de 2002 (Comisión das Comunidades Europeas / República Francesa, C-52/00, Rec. p. I-3827), apartados 36 a 41. Nesta resolución, o Tribunal de Xustiza estimou que Francia incumpriña as súas obrigacións ao traspoñer incorrectamente a Directiva sobre produtos defectuosos. Entre outras razóns, porque a lexislación francesa facía responsable ao subministrador en todos os casos e polo mesmo concepto que o produtor. Cfr. tamén sentenza do TXCE de 10 de xaneiro de 2006 (Skov Æg / Bilka Lavprisvarehus A/S, Bilka Lavprisvarehus A/S / Jette Mikkelsen e Michael Due Nielsen, C-402/03, Rec. p. I-199).

danos afecten a bens ou servizos «obxectivamente destinados ao uso ou consumo privados» e que neste concepto fosen utilizados principalmente polo prexudicado.

5. Concepto de produto defectuoso

Un produto defectuoso é aquel que non ofrece a seguridade que lexitimamente cabería esperar del. As persoas que adquiren bens no mercado son conscientes de que existen produtos que, ben polas súas características, ben polos materiais cos que se constrúen, ben polo uso ao que están destinados, implican un certo risco de producir danos. Pero esas persoas confían en que ditos bens non lles supoñan un risco anormal ou desproporcionado. Por exemplo, os produtos tecnolóxicos como os teléfonos móbiles, os ordenadores ou as tabletas quéntanse cando funcionan durante un tempo de xeito ininterrompido. Non obstante, como é lóxico, ningún consumidor asume nin debe asumir como razoable que o queimamento conduza a que o dispositivo arda e quede consumido polo lume. Da mesma maneira, unha serra mecánica é un instrumento perigoso porque pode causar danos. Pero ningún usuario que teña as debidas precaucións debe expoñerse a que un fallo eléctrico ou na combustión no motor da serra lle cause un dano. En consecuencia, un produto defectuoso non equivale a un produto perigoso, senón a un produto que non cumpre co estándar de seguridade razoable que se espera del.

O artigo 137.1 do TRLXDCU contén a definición de produto defectuoso, indicando tamén que para determinar o grao de seguridade que pode esperarse lexitimamente dun produto deben terse en conta todas as circunstancias, mencionando expresamente entre elas a presentación do ben, o seu uso razoable previsible, e o momento en que foi posto en circulación.

O artigo 137.2 do TRLXDCU di que «en todo caso, un produto é defectuoso se non ofrece a seguridade normalmente ofrecida polos demais exemplares da mesa serie». Ao respecto desta cuestión resulta importante a sentenza do TXUE de 5 de marzo de 2015 (Boston Scientific Medizintechnik GmbH / AOK Sachsen-Anhalt - Die Gesundheitskasse, Betriebskrankenkasse RWE, asuntos acumulados C-503/13 e C-504/13). Nesta sentenza tratábase o caso dunha empresa comercializadora de desfibriladores implantados no corpo humano e marcapasos que detectara a posibilidade de que os instrumentos non funcionaran adecuadamente. Por iso recomendara a médicos alemáns a substitución dos marcapasos e a desactivación dun interruptor magnético dos desfibriladores. No caso específico tratado producírase unha substitución tanto dos marcapasos como dos desfibriladores, e formulábase se a empresa debía correr cos gastos da intervención cirúrxica e os prexuízos derivados da mesma. A resposta a esta requería determinar se os concretos produtos substituídos eran efectivamente defectuosos, pero eses produtos foran destruídos sen ser sometidos a unha análise previa.

Interpretando o artigo 6.1 da Directiva sobre produtos defectuosos, o Tribunal de Xustiza puxo de manifesto que as persoas esperan que os marcapasos e desfibriladores ofrezan un nivel alto de seguridade, posto que está en xogo a propia vida do paciente. Precisou que se provoca unha inseguridade cando os produtos

presentan unha posibilidade anormal de causar danos, e declarou que se os produtos dunha serie ou dun modelo presentan un posible defecto, todos os produtos da serie deben considerarse defectuosos, sen necesidade de analizar cada produto de maneira concreta⁹.

Por último, hai que dicir que en virtude do artigo 137.3 do TRLXDCU un produto non é considerado defectuoso polo só feito de que con posterioridade á súa aparición no mercado se poña ese mesmo produto máis perfeccionado. Como xa se indicou, un dos criterios que deben terse en conta para avaliar a seguridade que ofrece un produto é o momento en que o mesmo foi posto en circulación, polo que a regra contida no artigo 137.3 do TRLXDCU parece lóxica.

6. Danos resarcibles

Como punto de partida convén deixar claro que o feito de que a lei de consumidores non sexa de aplicación para a compensación de todo tipo de danos non significa que estes non sexan indemnizables. Simplemente quere dicir que haberá que acudir ás normas xerais sobre responsabilidade civil ou a outros textos normativos. Así o di o artigo 128 do TRLXDCU, o cal se refire ademais expresamente aos danos morais, aos danos derivados da responsabilidade contractual fundada na falta de conformidade, a calquera causa de incumprimento ou cumprimento defectuoso do contrato, e á responsabilidade extracontractual. A título exemplificativo, isto trae consigo que se unha persoa adquire un motor dunha potencia determinada, e despois compróbase que a potencia xerada polo motor é inferior, o produto non será defectuoso, senón non conforme. A noción legal de defecto apártase do seu uso coloquial.

O primeiro tipo de dano indemnizable con base na lei de consumidores é o dano persoal, incluíndo a morte. O artigo 129 do TRLXDCU non precisa máis sobre este tipo de dano, o cal implica que o texto legal estudado é aplicable á responsabilidade do produtor fronte a calquera persoa que sufra danos persoais ou morra como consecuencia do defecto do produto. O segundo tipo de dano indemnizable é o dano material. Pero neste segundo caso a lei matiza que os danos materiais deben afectar a «bens ou servizos obxectivamente destinados ao uso ou consumo privados», e que neste concepto fosen utilizados polo prexudicado.

Novamente hai que acudir á sentenza do TXUE de 5 de marzo de 2015 *Boston Scientific Medizintechnik*. O custo da intervención cirúrxica necesaria para substituír os desfibriladores ou marcapasos defectuosos non parece ser un dano persoal, nin un dano causado pola morte ou por lesións corporais (os dispositivos concretos implantados aínda non fallaran). E tampoco constitúe un dano material que afecte a un ben o servizo destinado ao consumo humano. Porén, o Tribunal considerou que o custo da intervención si está incluída nos danos indemnizables con base na Directiva sobre produtos defectuosos. O TXUE argumentouno do xeito seguinte. A reparación do dano consiste en «todo o necesario para eliminar as consecuencias indemnizables e para restablecer o nivel de seguridade ao que unha persoa ten lexitimamente dereito». En consecuencia, cando o produto defectuoso é un dispositivo médico como

⁹ Sentenza *Boston Scientific Medizintechnik*, apartados 36 a 43.

os marcapasos e desfibriladores automáticos implantables, «a reparación do dano debe incluír necesariamente os custos ligados á substitución do produto defectuoso». Así, os custos da operación son considerados «danos causados por morte ou lesións corporais» aos efectos do artigo 9.1.a) da Directiva sobre produtos defectuosos.

O artigo 141 do TRLXDCU prevé uns límites á responsabilidade do produtor. Con anterioridade á reforma deste artigo en xullo de 2015, da contía dos danos materiais debía deducirse unha franquía de 390,66 euros. A orixe desta norma atópase no artigo 9.b) da Directiva sobre produtos defectuosos, que prevía como danos inmdenizables os danos causados a unha cousa ou a destrución dunha cousa, que non fose o propio produto defectuoso, «previa dedución dunha franquía de 500 ECUS». Ao transformar esta cantidade a pesetas na Lei 22/1994, a franquía quedara fixada en 65.000¹⁰ pesetas, que máis tarde foron traducidas a 390,66 euros. Trala reforma do 2015, a franquía fíxase agora en 500 euros. Na miña opinión esta modificación era imprescindible, xa que cando o ECU deu paso ao euro o 1 de xaneiro de 1999, o tipo de cambio que se estableceu entre eles foi 1:1. É dicir, un euro equivalía a un ECU. Pola súa banda, a responsabilidade global do produtor por morte e lesións corporais «causadas por produtos idénticos que presenten o mesmo defecto terá como límite a contía de 63.106.270,96 euros». Esta cantidade ten a súa orixe no artigo 16.1 da Directiva sobre produtos defectuosos, que permitía fixar un límite á responsabilidade do produtor, prohibindo que ese límite fose inferior a 70 millóns de ECUS. Esta cantidade quedara reflectida no artigo 11 da Lei 22/1994, ascendendo a dez mil cincocentos millóns de pesetas. Deste xeito, pode concluírse que a reforma do artigo 141 do TRLXDCU foi incompleta. Persoalmente, creo que tamén a contía relativa á responsabilidade global do produtor por morte e lesións corporais debería ser adaptada segundo o tipo de cambio entre o ECU e o euro, fixándose así en 70 millóns de euros

Na sentenza do TXCE de 25 de abril de 2002 (Comisión das Comunidades Europeas / República Francesa, C-52/00, Rec. p. I-3827), o Tribunal declarou que o Francia incumpriña as súas obrigas derivadas da Directiva en materia da devandita franquía que se debía deducir nos danos materiais. A Lei francesa 98-389, do 19 de maio de 1998, introduciu no Código civil francés un título IV bis no seu Libro IV. Este título IV está composto polos artigos 1386-1 a 1386-18, e orixinariamente non se previra a dedución de franquía ningunha, o cal motivou a devandita declaración do Tribunal de Xustiza. O artigo 1386-2 do Código civil francés dicía simplemente que as disposicións do título en cuestión se aplicaban á reparación do dano resultante dun prexuízo causado á persoa ou a un ben que non fose o propio produto defectuoso. Actualmente, o artigo 1386-2 do Código civil francés está composto por dous parágrafos, o primeiro dos cales refírese ao dano persoal e o segundo indica que as normas do título sobre responsabilidade por produtos se aplican á reparación do dano causado a un ben que non sexa o produto defectuoso e que se sitúe por encima

¹⁰ O ECU (European Currency Unit, Unidade Monetaria Europea) foi unha unidade de medida contable que se utilizou na Comunidade Económica Europea entre o 13 de marzo de 1979 e o 31 de decembro de 1998. O 1 de xaneiro de 1999 foi substituído polo euro. A evolución do tipo de cambio entre o ECU e a peseta dende abril de 1979 ata decembro de 1998 pode consultarse en <http://tematicas.org/indicadores-economicos/economia-internacional/tipos-de-cambio/tipo-de-cambio-peseta-ecu/> [citado o 15.07.15].

dunha contía que se determinaría mediante un decreto. A contía foi fixada en 500 euros a través do decreto nº 2005-113, do 11 de febreiro de 2005¹¹.

Aos danos causados por accidentes nucleares non se lles aplica a lei de consumidores, sempre que estes danos estean cubertos por convenios internacionais ratificados polos Estados membros da Unión Europea. Esta norma contense no artigo 129.2 do TRLXDCU. Tampouco os danos no propio produto defectuoso son indemnizables conforme á lexislación de consumo. O prexudicado, di o artigo 142 do TRLXDCU, terá dereito a ser indemnizado de acordo coa lexislación civil e mercantil.

A persoa que teña dereito a recibir unha indemnización tamén ten dereito a unha compensación polos danos contractuais e extracontractuais durante o tempo que transcurra entre a declaración xudicial de responsabilidade e o seu pago efectivo. Esta compensación réxese pola Lei 1/2000, de 7 de xaneiro, de axuízamento civil.

7. Causas de exoneración: especial referencia aos riscos de desenvolvemento

O dano é un dos elementos que deberá ser probado polo prexudicado para poder obter unha indemnización. Tamén deberá probar o defecto e a relación de causalidade entre este e o dano. Ao contrario, non deberá probar a culpa, que non aparece mencionada no artigo 139 do TRLXDCU.

O certo é que a proba do defecto non sempre é doada. Pénsese nun produto que estala causando danos físicos. O produto destruído non poderá ser analizado para determinar se era defectuoso ou non. Por esta razón presúmese o defecto nos casos nos que parece evidente que o dano non se produciría se o produto respondese ao estándar de seguridade esixible. A presunción admite proba en contrario, debendo o fabricante, o subministrador ou o importador probar que non existía defecto ningún. Pero na práctica transfórmase nunha presunción *iuris et de iure*, ao ser moi difícil a proba demandada ao empresario¹².

Aínda que a responsabilidade por produtos defectuosos achégase á responsabilidade obxectiva, a existencia de causas de exoneración matiza a obxectividade. Como xa tivo ocasión de apuntarse, o artigo 7 da Directiva sobre produtos defectuosos introducía unha serie de causas de exoneración. Pois ben, estas causas incorporáronse ao artigo 140 do TRLXDCU, o que non impide que sexa aconsellable a súa reiteración. A primeira causa de exoneración do produtor é a proba de que non puxera en circulación o produto. A segunda, se é posible presumir que o defecto non existía no momento da posta en circulación¹³. A terceira causa é

¹¹ Cfr. sentenza do TXCE de 25 de abril de 2002 (Comisión das Comunidades Europeas / República Helénica, C-154/00, Rec. p. I-3879).

¹² O artigo 84.2 da lei alemá de produtos farmacéuticos, de 24 de agosto de 1976, reproducido no apartado 10 da sentenza do TXUE de 20 de novembro de 2014 (Novo Nordisk Pharma GmbH / S., C-310/13, Rec. p. I-), indica que «se, atendendo ás circunstancias do caso concreto, resultar que o produto farmacéutico administrado é apto para ocasionar o dano, presumírase que este foi causado por dito produto».

¹³ É importante sinalar que supón unha «posta en circulación» dun produto a utilización do mesmo no cadro dunha prestación médica consistente en preparar un órgano humano para o seu transplante. Así o estableceu o TXCE na súa sentenza *Veedfald*, apartados 11 a 18.

a proba de que o produto non fora fabricado para a venda o calquera outra forma de distribución cunha finalidade económica, ou que non se fabricara, importara, subministrara ou distribuíra no cadro dunha actividade profesional ou empresarial¹⁴. A cuarta causa de exoneración é a proba de que o defecto se debe ao cumprimento de normas imperativas que determinaron a forma na que o produto foi elaborado. E a quinta causa de exoneración son os riscos do desenvolvemento, isto é, que o estado dos coñecementos científicos e técnicos existentes no momento da posta de circulación do produto non permitía apreciar a existencia do defecto¹⁵. Ademais, o produtor dunha parte integrante dun produto terminado non será responsable se proba que o defecto se debe á concepción do produto ao que foi incorporado dita parte, ou ben ás instrucións dadas polo fabricante do produto.

Ao comentar a Directiva sobre produtos defectuosos fíxose referencia á facultade concedida aos Estados membros no seu artigo 15.1.b). Este precepto permitía aos Dereitos nacionais que debían transpoñer a Directiva non prever os riscos do desenvolvemento como causa de exoneración, de forma que os produtores deberían responder do dano causado incluso cando o estado da técnica non lle permitía detectar o produto no momento da súa posta en circulación. O lexislador español adoptou unha posición intermedia. Contemplou eses riscos como causa de exoneración, pero esta non opera en tres campos: os medicamentos, os alimentos e os produtos alimentarios destinados ao consumo humano. Nestes tres supostos, o artigo 140.3 do TRLXDCU impide a produtor exonerarse de responsabilidade con base nos riscos do desenvolvemento.

No que se refire á interpretación do «estado dos coñecementos científicos e técnicos existentes», é importante a sentenza do TXCE de 29 de maio de 1997 (Comisión das Comunidades Europeas / Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte, asunto C-300/95, Rec. p. I-2649). Ese estado non debe medirse en relación coa práctica ou as regras de seguridade habituais no sector industrial no que actúa o empresario en cuestión. Pola contra, hai que ter en conta o conxunto dos sectores, e o estado dos coñecementos científicos e técnicos debe entenderse no seu nivel máis avanzado, incluso aqueles que o produtor non coñece, sempre que ditos coñecementos foran accesibles. O estándar non é subxectivo, senón obxectivo¹⁶.

Outro ámbito que debe destacarse dentro do cal os riscos do desenvolvemento xogan un papel importante é a responsabilidade das administracións públicas, en particular no caso do servizo público de saúde. O artigo 139 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común dispón que os particulares teñen dereito a ser indemnizados pola administración correspondente por toda lesión que sufran, salvo nos casos de

¹⁴ Esta causa de exoneración non se aplica ao caso dun produto defectuoso fabricado e utilizado no ámbito dunha prestación médica financiada con fondos públicos e pola que o paciente non paga cantidade algunha de xeito directo. Este feito non impide que a fabricación dos produtos teña un carácter económico e profesional. Cfr. sentenza *Veedfald*, apartados 19 a 22.

¹⁵ A alegación das causas de exoneración non esixe que o produtor probe previamente que adoptou as medidas adecuadas para prever as consecuencias negativas dun produto defectuoso. Neste senso, cfr. sentenza *Comisión / Francia*, apartados 42 a 48.

¹⁶ Sentenza *Comisión / Reino Unido*, apartados 26 a 29.

forza maior, cando a lesión é consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos. O artigo 141.1 da Lei 30/1992, na súa redacción orixinal, precisaba que só serían indemnizables os danos que o particular non tivese o deber xurídico de soportar de acordo coa lei.

O artigo 141 foi modificado en 1999 co gallo de reducir a responsabilidade civil da administración, en especial no ámbito da atención sanitaria. A reforma introducida pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, supuxo o alongamento do texto do devandito artigo 141.1 da Lei 30/1992 para establecer tamén que «non son indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puidesen prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción de aqueles, todo iso sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis puidesen establecer para estes casos». O efecto da norma é que os danos producidos no cadro de riscos do desenvolvemento son danos que en principio o cidadán ten que de soportar. A cuestión da responsabilidade alónxase dos tribunais, o cal non significa que as vítimas quedarán enteiramente desprotexidas. Simplemente que a administración acordará as prestacións e indemnizacións que procedan a través de disposicións legais.

Porén, é importante fixarse que o artigo 141.1 da Lei 30/1992 fala de feitos ou circunstancias que non se puidesen *prever* ou *evitar*, mentres que o artigo 7.e) da Directiva sobre produtos defectuosos esixe que no momento de posta de circulación do produto, o estado da ciencia non permitía *descubrir* a existencia do defecto. A lei de consumidores segue á Directiva e fala de *apreciar* a existencia do defecto. Polo tanto, a causa de exoneración consistente nos riscos do desenvolvemento é máis favorable para a administración aplicando a Lei 30/1992 que para os establecementos de saúde privados, aos que se lles debe aplicar a lei de consumidores. En virtude da lei de consumidores, se un defecto era previsible ou detectable, o produtor non poderá ampararse na causa de exoneración comentada. No caso da administración, esta poderá exonerarse de responsabilidade cando, pese a ser detectable o defecto, non era evitable.

Ademais das causas que exoneran da súa responsabilidade ao produtor, hai que engadir que este tampouco deberá responder con base nas normas sobre produtos defectuosos pasados dez anos da posta en circulación do produto concreto causante do dano. Como pode deducirse, o produtor si é responsable se a eventual reclamación se interpón con anterioridade ao transcurso deste prazo. Debe destacarse que isto non é un prazo nin de prescrición nin de caducidade, senón sinxelamente un prazo de extinción dos dereitos que o capítulo da lei de consumidores relativo aos danos causados por produtos recoñece á persoa que sofre o dano.

Se un produto causa un dano dentro do período de dez anos durante o cal o produtor é responsable, comeza a correr o prazo de prescrición para solicitar a correspondente indemnización. Este prazo é de tres anos, a contar dende a data na que a vítima sufriu o dano. Agora ben, non comeza o cómputo se non se coñece o responsable do prexuízo. Como xa se indicou anteriormente, cando hai varios responsables solidarios do dano e algún deles aboa a indemnización correspondente, quen pagou pode solicitar aos demais responsables que lle paguen a el a cantidade que lle corresponda a cada un. Así se encontra previsto no artigo 132 do TRLXDCU.

A acción para reclamar a súa parte aos outros suxeitos responsables ten un prazo de prescrición dun ano, a contar desde a data de pago, como indica o artigo 143.1 do TRLXDCU. A prescrición pode interromperse, sendo aplicables as normas xerais sobre a interrupción da prescrición.

8. Problemas de internormatividade

A Lei 22/1994 entrou en vigor o 8 de xullo de 1994. Na súa disposición transitoria única indicábase que a lei non sería de aplicación á responsabilidade civil derivada de produtos defectuosos que foran postos en circulación antes da entrada en vigor do texto legal. Outra circunstancia a destacar da Lei 22/1994 é que a disposición final primeira excluía a aplicación dos artigos 25 a 28 da LCU á responsabilidade civil por produtos defectuosos incluídos no artigo 2 da propia Lei 22/1994.

Por outra banda, na sentenza do TXCE de 25 de abril de 2002 (María Victoria González Sánchez / Medicina Asturiana, S.A., C-183/00; Rec. p. I-3901), o Tribunal sinalou que como consecuencia da adaptación das lexislacións nacionais dos Estados membros ás esixencias da Directiva sobre produtos defectuosos, os dereitos que os prexudicados tivesen con base na lexislación dun Estado poderían verse limitados ou restrinxidos.

En canto á relación entre o texto refundido da lei de consumidores aprobado en 2007 e a lei 22/1994, a disposición transitoria terceira do primeiro dos textos legais indica que aos produtos postos en circulación antes do 8 de xullo de 1994 non lles é de aplicación a nova lexislación. A responsabilidade neste caso regúlase na propia disposición transitoria terceira.

En último lugar, cómpre mencionar a sentenza do TXUE de 20 de novembro de 2014 (Novo Nordisk Pharma GmbH / S., C-310/13, Rec. p. I-). O artigo 13 da Directiva sobre produtos defectuosos di que este texto normativo non afecta aos dereitos que as vítimas ostentan con base nas normas de responsabilidade contractual e extracontractual da lexislación nacional que se atopan vixentes no momento da notificación da Directiva. No artigo 84a da lei alemá de produtos farmacéuticos, de 24 de agosto de 1976, establécese que, cando hai indicios que apoiem o nexo entre un produto farmacéutico e un dano, o prexudicado ten dereito a obter do empresario información sobre os efectos do medicamento, os seus efectos secundarios e as reaccións con outros medicamentos, ou calquera outro dato relevante para os efectos de determinar dito nexo. Este artigo foi introducido en 2002, con posterioridade, por tanto, á data de notificación da Directiva sobre produtos defectuosos.

Formulouse entón se a normativa alemá era contraria ao artigo 13 da Directiva, pero o Tribunal de Xustiza declarou que a lexislación nacional controvertida respecta a Directiva. Por unha banda, porque non supón unha alteración da carga da proba do defecto, do dano e da relación causal. Pola outra, porque o dereito do consumidor a obter do empresario información sobre un produto non é un aspecto regulado pola Directiva. O texto comunitario non se ve afectado pola norma alemá

en ningún sentido, e a natureza e elementos esenciais do texto comunitario non se ven modificados¹⁷.

ACTIVIDADES PROPOSTAS

Nas sesións interactivas os alumnos deberán debatir sobre algunhas das decisións xudiciais que os profesores sinalen. Neste senso, algunha das sentenzas deberá ser lida por todos os alumnos para o posterior debate, mentras que outras serán asignadas a cada un dos grupos de traballo para a súa exposición en clase. Os profesores formularán diferentes preguntas ao longo das sesións expositivas e interactivas co gallo de avaliar o traballo dos alumnos. Entre as sentenzas coas que se traballará atópanse as seguintes:

- sentenza do TXCE de 29 de maio de 1997 (Comisión das Comunidades Europeas / Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte, asunto C-300/95, Rec. p. I-2649);
- sentenza do TXCE de 10 de maio de 2001 (Henning Veedfald / Århus Amtskommune, C-203/99, Rec. p. I-3569);
- sentenza do TXCE de 25 de abril de 2002 (Comisión das Comunidades Europeas / República Francesa, C-52/00, Rec. p. I-3827);
- sentenza do TXCE de 10 de xaneiro de 2006 (Skov Æg / Bilka Lavprisvarehus A/S, Bilka Lavprisvarehus A/S / Jette Mikkelsen e Michael Due Nielsen, C-402/03, Rec. p. I-199);
- sentenza do TXUE de 20 de novembro de 2014 (Novo Nordisk Pharma GmbH / S., C-310/13, Rec. p. I-);
- sentenza do TXUE de 5 de marzo de 2015 (Boston Scientific Medizintechnik GmbH / AOK Sachsen-Anhalt - Die Gesundheitskasse, Betriebskrankenkasse RWE, asuntos acumulados C-503/13 e C-504/13, Rec. p. I-);
- sentenza do TS de 23 de xaneiro de 2003 (RJ 2003, 606);
- sentenza do TS de 30 de marzo de 2007 (RJ 2007, 1613);
- sentenza do TS de 7 novembro de 2008 (RJ 2009, 137);
- sentenza do TS de 21 novembro de 2008 (RJ 2009, 144);
- sentenza do TS de 25 de novembro de 2010 (RJ 2011, 583);
- sentenza do TS de 19 de xaneiro de 2011 (RJ 2011, 298);
- sentenza do TS de 10 de xullo de 2014 (RJ 2014, 4318).

AVALIACIÓN

A avaliación das intervencións na clase terá lugar mediante un sistema de puntuación a través do cal se establecerá se a resposta do alumno é boa, regular ou mala. Nos casos que susciten dúbidas poderá outorgarse unha nota intermedia a dúas das categorías mencionadas. No programa da materia figura que o 10% da nota final

¹⁷ Sentenza *Novo Nordisk Pharma*, apartados 28 a 32.

corresponde á asistencia e participación activa nas clases, mentras que a realización das actividades programadas e a súa cualificación determinará un 15% da nota final. A avaliación das sesións interactivas enmárcanse nestas dúas notas.

BIBLIOGRAFÍA

- AA.VV. (editor SALVADOR CODERCH, Pablo) (2007): «Guía InDret de jurisprudencia sobre responsabilidade de produto (I): alimentos y botellas», 5ª edición, en *InDret*, nº 2. http://www.indret.com/pdf/442_es.pdf [última visita o 22.07.15].
- (2007): «Guía InDret de jurisprudencia sobre responsabilidade de produto (II): Electrodomésticos, juguetes y objetos de uso doméstico», 5ª edición, en *InDret*, nº 3. http://www.indret.com/pdf/465_es.pdf [última visita o 22.07.15].
- GUTIÉRREZ SANTIAGO, Pilar (2008): *Daños causados por productos defectuosos*, Cizur Menor (Navarra): Ed. Thomson-Aranzadi.
- LETE DEL RÍO, José Manuel / LETE ACHIRICA, Javier (2005): *Derecho de Obligaciones (vol. I). Teoría general de la relación obligatoria y del contrato. Derecho de daños*, Cizur Menor (Navarra): Ed. Thomson-Aranzadi.
- LÓPEZ-BREA LÓPEZ DE RODAS, Jesús (2013): «Los daños causados por productos defectuosos», en *Revista CESCO de Derecho de Consumo*, nº 7, pp. 91-108. <https://www.revista.uclm.es/index.php/cesco/article/view/128/307> [última visita o 15.07.15]
- MARCO MOLINA, Juana (2007): *Responsabilidad civil del fabricante por productos defectuosos: fundamentos y aplicación*, Madrid: Atelier.
- MARÍN LÓPEZ, Juan José (2001): *Daños por productos: estado de la cuestión*, Madrid: Tecnos.
- MARTÍN CASALS, Miquel / SOLÉ FELIU, Josep (2003): «La responsabilidade por productos defectuosos: un intento de armonización a través de Directivas» en AA.VV. (coordinador CÁMARA LAPUENTE, Sergio), *Derecho privado europeo*, Madrid: Colex, pp. 921-948.
- PARRA LUCÁN, María Ángeles (2008): «Responsabilidade civil por bienes y servicios defectuosos», en AA.VV. (Coord. REGLERO CAMPOS, Luis Fernando), *Tratado responsabilidade civil. Tomo II. Parte especial primera*, 4ª edición, Cizur Menor (Navarra): Ed. Thomson-Aranzadi, pp. 421-556.
- (2008): «Responsabilidade civil por productos defectuosos», en AA.VV. (Coord. REGLERO CAMPOS, Luis Fernando), *Tratado responsabilidade civil. Tomo II. Parte especial primera*, 4ª edición, Cizur Menor (Navarra): Ed. Thomson-Aranzadi, pp. 557-695.
- RUIZ GARCÍA, Carlos Alberto / MARÍN GARCÍA, Ignacio (2006): «Producto inseguro y producto defectuoso», en *InDret*, nº 4. http://www.indret.com/pdf/388_es.pdf [última visita o 15.07.15]



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA